

INFORME DE TESOURERÍA.

ASUNTO: ESTUDIO DE CUSTOS DO CONTRATO DE SERVIZO PARA A COLABORACIÓN ADMINISTRATIVA DA XESTIÓN RECADATORIA MUNICIPAL EN PERÍODO EXECUTIVO E DA XESTIÓN ADMINISTRATIVA E RECADACIÓN DAS MULTAS DE TRÁFICO E OUTRAS SANCIÓN.

LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985, de 02 de abril, de Bases do Réxime Local (LBRL).
- Real-Decreto Lexislativo 781/86, de 18 de Abril, Texto Refundido das Disposicións Legais Vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto-Legislativo 2/2004, de 05 de marzo, Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.
- Real-Decreto 939/2005, de 29 de xullo, Regulamento Xeral de Recadación (RGR).
- Lei 9/2017, de 08 de outubro, Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas.
- Demais lexislación en materia contractual, fiscal e contable que tivera relación directa ou indirecta co obxecto do contrato.

ANTECEDENTES:

PRIMEIRO. Expediente de contratación 40/2017 do contrato para a colaboración administrativa da xestión recadatoria municipal en período executivo e da xestión administrativa e recadación das multas de tráfico, adxudicado a Gestión Tributaria Territorial SAU CIF A81957367.

SEGUNDO. Acordo 15/239 da Xunta de Goberno Local de 17 de xuño de 2020 de prórroga do contrato de colaboración administrativa da xestión recadatoria municipal en período executivo e da xestión administrativa e recadación das multas de tráfico, adxudicado a Gestión Tributaria Territorial SAU CIF A81957367, polo prazo dun ano ata o 20 de xuño de 2021.

TERCEIRO. Acordo 23/75 da Xunta de Goberno Local de 10 de febreiro de 2021 de modificación do contrato asinado con GTT SAU CIF A81957367.

CUARTO. Providencia do Servizo de Contratación de 09 de decembro de 2020 na que se indica que o contrato *"NON é susceptible de máis prórrogas nas condicións recollidas na cláusula terceira do seu PCAP, polo que deberá iniciase un novo expediente de contratación debendo remitir a este Servizo de Contratación a documentación sinalada na instrucción sobre a formación do plan anual de contratación para o ano 2021 e na circular do Servizo de Contratación que se axuntaba"*.

TESOURERIA

ASC

Ref: PPT.estudocustos

Asunto: Prego prescricións técnicas contrato servizo colaboración recadación municipal e multas

Elaborado o prego de prescricións técnicas que haberán de rexer o novo contrato, e de acordo co establecido no artigo 100.2 da Lei 9/2017, de 08 de novembro, de Contratos do Sector Público, formúlase o seguinte estudo de custos:

PRIMEIRO.- GASTOS DE PERSOAL.

Os custos salariais foron estimados de acordo coa Resolución de 13 de febreiro de 2020 da Dirección Xeral de Traballo, pola que se rexistra e publica o texto do VI Convenio colectivo de ámbito estatal para despachos de técnicos tributarios e asesores fiscais (BOE de 27/02/2020), así como pola Orde TMS/83/2019, de 31 de xaneiro, pola que se desenvolven as normas legais de cotización á Seguridade Social, desemprego, protección por cese de actividade, Fondo de Garantía Salarial e formación profesional para o exercicio 2019 (vixente para 2021).

Respecto aos custos salariais, dado que poden existir diferentes porcentaxes de cotización nalgúns dos conceptos atendendo a conceptos diversos como poden ser as modalidades de contratación, as características persoais do empregado, etc., tómasse como referencia a maior das porcentaxes posibles por prudencia (32,60%).

Inclúese o posible custo medio de dous despidos polo persoal que excede do mínimo esixido que que é subrogable.

Os custos estimados para o persoal mínimo requirido no prego de prescricións técnicas, así como a parte proporcional de outro persoal que participaría desde os servizos centrais da adxudicataria, e o antedito custo, serían os seguintes:

Gastos de personal	Salario con incentivos	Seguridade social empresa	Coste empresa
Técnico tributario (3)	90.000,00 €	29.340,00 €	119.340,00 €
Auxiliar tributario (8)	128.000,00 €	41.728,00 €	169.728,00 €
Director proxecto - Parte proporcional	10.000,00 €	3.260,00 €	13.260,00 €
Arquitecto e enxeñeiro - Parte proporcional	10.000,00 €	3.260,00 €	13.260,00 €
Custo medio despido persoal exceso mínimo			40.000,00 €
Subtotal	238.000,00 €	77.588,00 €	355.588,00 €

SEGUNDO.- CUSTOS DE ACONDICIONAMENTO E ALUGUER DO LOCAL.

Sendo esixible a achega dun local por parte do adxudicatario, resulta preciso incluír nos custos do contrato os relativos ao aluguer do local, así como os de acondicionamento do mesmo para o obxecto do contrato, así como os necesarios para a posta en marcha do mesmo. Estímanse os seguintes:

Acondicionamento e aluguer de local
--

Aluguer	15.000,00 €
Mantemento e conservación	3.000,00 €
Mobiliario	5.000,00 €
Equipos informáticos	8.000,00 €
Subtotal	31.000,00 €

TERCEIRO.- CUSTOS INFORMÁTICOS.

No prego esíxese que adxudicatario poña a disposición do Concello de Lugo programa ou soporte informático de recadación executiva totalmente compatible co programa informático de recadación voluntaria (GT-WIN de T-SYSTEM) que ten implantado neste momento o Excmo. Concello de Lugo, polo que de non dispoñer do mesmo a empresa adxudicataria, a adquisición ou desenvolvemento do mesmo supón un custo para a mesma. Igualmente, inclúese o custo das licenzas de ofimática para os traballadores.

Custos informáticos	
Aplicativo informático	200.000,00 €
Licenzas informáticas	2.000,00 €
Subtotal	202.000,00 €

CUARTO.- CUSTOS DE SUBMINISTRACIÓNS.

Inclúense os custos relativos a enerxía eléctrica, comunicacións, material de oficina e outros.

Subministracións	
Enerxía eléctrica, gas, etc.	2.000,00 €
Teléfono e comunicacións	2.000,00 €
Material de oficina	3.000,00 €
Libros, revistas, publicacións	500,00 €
Tributos	2.000,00 €
Subtotal	9.500,00 €

QUINTO.- CUSTOS DE SERVIZOS DE OUTROS PROFESIONAIS E SERVIZOS EXTERIORES.

Serían os seguintes:

Servizos de outros profesionais e exteriores	
Primas de seguros	600,00 €
Servicios postais	73.000,00 €
Limpeza	2.400,00 €
Gastos de impresión	6.000,00 €
Otros gastos (viajes, desplazamientos, varios)	6.000,00 €
Subtotal	88.000,00 €

TESOURERIA

ASC

Ref: PPT.estudocustos

Asunto: Prego prescricións técnicas contrato servizo colaboración recadación municipal e multas

SEXTO.- CUSTOS INDIRECTOS.

Impútanse como custos indirectos os correspondentes a gastos de asesoría xurídica, profesionais externos, mantemento de aplicacións informáticas propias e outros, estimándose os mesmos no 20% do total de gastos, polo tanto:

Gastos indirectos (20% sobre costes directos): asesoría xurídica, SIT e outros	137.217,60 €
---	---------------------

SÉTIMO.- RESUMO.

Gastos de personal	355.588,00 €
Acondicionamento e aluguer de local	31.000,00 €
Custos informáticos	202.000,00 €
Subministracións	9.500,00 €
Servizos de outros profesionais e exteriores	88.000,00 €
Gastos indirectos (20% sobre gastos directos): asesoría xurídica, SIT e outros	137.217,60 €

Total gastos	823.305,60 €
---------------------	---------------------

Marxe comercial (20% sobre total gastos) - aprox. 16% sobre ingresos	164.661,12 €
---	--------------

Prezo sen IVE por ano	987.966,72 €
------------------------------	---------------------

Tempo para executar o proxecto en anos	5
--	---

Prezo do proxecto total sen IVE	4.939.833,60 €
--	-----------------------

Lugo, na data da sinatura dixital.

A TESOUREIRA.

M^a. Aránzazu Sastre Carracedo.